

Acordo do 3 de xullo de 2024 da Dirección Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación no concello de A Laracha (expediente IN407A 2022/71-1)..

De conformidade co disposto no artigo 48.1 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e nos artigos 48.2, 49, 50 e 51 do seu Regulamento, do 26 de abril de 1957, esta dirección territorial acorda sinalar o luns, día **21 de outubro de 2024, a partir das 10:00 horas**, para que o pagador da entidade beneficiaria "HIDROELÉCTRICA DE LARACHA S.L.U." proceda diante do representante desta dirección territorial nas oficinas da Casa Consistorial do Concello de A Laracha, ao pagamento do prezo xusto e intereses, por imposición de servidumes de paso da liña eléctrica LMTS CT A Viña-Golmar e enlace coa RBT (Expediente IN407A 2022/71-1), ás persoas interesadas propostas pola citada empresa como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas que se referencian, as que se lles dirixirá notificación individual ao efecto:

Predio núm. 1
Titular: Consuelo Pérez Brandón.
Data: 21 de outubro de 2024
Hora: 10:00 horas.

Así mesmo, para dar cumprimento ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, cando as persoas titulares ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas, se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada ésta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU), do Boletín Oficial do Estado.

A Coruña, asina o director territorial na data da sinatura electrónica.

